

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE FEBREIRO DE 2017**

**LICENZAS**

**FAVORABLES.-**

**LIC/846/2016.- MARÍA DEL PILAR GATO MOSQUERA.-** Aceptar a cesión de viario e conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Rego do Cebro.

**LIC/237/2011.- ANTONIO BREA CASAS.-** Conceder licenza para a rehabilitación da edificación sita en Praza do Matadoiro nº 6.

**LIC/1727/2016.- CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA RECURSOS EDUCATIVOS- SECCION BOLSAS.-** Conceder licenza para a instalación dun ascensor no IES Xelmírez I sito en Poza de Bar.

**DESFAVORABLE.-**

**LIC/555/2016.- MANUEL IGLESIAS REY.-** Denegar a licenza para a legalización e terminación de dúas vivendas e edificio residencial en Avda. de Lugo nº 265.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario e conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Rego do Cebro. LIC/846/2016. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación da edificación sita en Praza do Matadoiro nº 6. LIC/237/2011. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a instalación dun ascensor no IES Xelmírez I, sito en Poza de Bar. LIC/1727/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á denegación da licenza para a legalización e terminación de dúas vivendas e edificio residencial en Avda. de Lugo nº 265. LIC/555/2016. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á corrección de erro no acordo do 23-09-2016 relativo á adxudicación do Servizo Corporativo de Telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicacións de datos e servizos adicionais) e servizo de Centro de Atención ó Usuario (CAU) do Concello de Santiago de Compostela. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da modificación do proxecto básico e de execución para a instalación de ascensor no aparcamento soterrado da praza de Galicia. Acórdase a modificación do proxecto para a instalación do ascensor do aparcamento soterrado da Praza de Galicia para incluír unha zona de acceso cuberta fronte á porta do elevador.

7.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á permuta DA CASETA DA PRAZA DE ABASTOS NÚMERO CE036, DA TITULARIDADE DE Dña. ALBA MARIÑO IGLESIAS, POLA NÚMERO CE024, DA QUE É TITULAR D. CARLOS ALBERTO MARASI CALACI. Apróbase a proposta.

8.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á transmisión da CASETA NÚM. NC160 DA PRAZA DE ABASTOS A FAVOR DE Dña. MARÍA DEL CARMEN CARDELLE LEIS, POR XUBILACIÓN DO SEU PAI,

**D. JOSÉ CARDELLE MARCOS, TITULAR DA MESMA.** Apróbese a proposta.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á transmisión da CASETA NÚM. NC161 DA PRAZA DE ABASTOS A FAVOR DE Dña. DOLORES CARDELLE LEIS, POR XUBILACIÓN DO SEU PAI, D. JOSÉ CARDELLE MARCOS, TITULAR DA MESMA.** Apróbese a proposta

**10.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao cambio de razón social e titularidade das CASETAS DA PRAZA DE ABASTOS NC216 E NC217.** Apróbese a proposta

**11.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á aprobación da convocatoria do premio XOHANA TORRES de ensaios e creacións audiovisuais sobre a memoria histórica das mulleres de Compostela, ano 2017.** Apróbanse as bases que rexerán a convocatoria, e que establecen dúas modalidades de premio (ensaio ou creación audiovisual) cunha dotación de 2.500 euros para cada unha. Apróbese a convocatoria para o ano 2017, que se abrirá o 8 de marzo e cuxo prazo para a presentación de traballos irá do 8 de marzo ao 31 de decembro

**12.- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de servizos sociais XIESS do Concello de Santiago de Compostela".** Acórdase adxudicar o contrato á empresa Tecnocom Telecomunicaciones y Energía S.A, por un importe de 9.100 euros, máis IVE de 1.911 euros.

**13.- Proposta da Alcaldía relativa á resolución de novas residencias de creación artística e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas 2017. (Meses de marzo, abril e maio).** Apróbese o cambio de datas e novas residencias ao abeiro da convocatoria de residencias de creación e estadias técnicas para a Sala Agustín Magán, pola que se lle conceden os seguintes períodos temporais ás novas solicitudes presentadas:

\_Compañía Delirium, co espectáculo Welcome: 7,8,10,14,15,17,21,22, e 24 de marzo de 2017, de 10.00 a 14.00 horas

\_Compañía Iván Marcos, co espectáculo Praga: do 10 ao 29 de abril

\_Circo Chosco, co espectáculo Forzudos: do 1 ao 19 de maio

**14.- Proposta da alcaldía relativa á devolución da fianza de "Acondicionamento e mellora das pistas municipais nas parroquias de Santa Cristina de Fecha, San Xóan de Fecha e outras incluídas no POS 2014 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.** Apróbese a proposta.

**15.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza de "Obras de mellora no xardín do Estanque da Alameda".** Apróbese a proposta.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á resolución de reclamacións e suxestións presentadas no período de información pública da modificación da relación de postos de traballo, e aprobación definitiva da mesma.** Apróbese a proposta.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á solicitude dunha subvención á Deputación da Coruña para o mantemento de conservatorios, escolas de música e de danza municipais durante 2017.** Acórdase solicitar unha subvención de 10.000 euros para o mantemento da Escola Municipal de Música e Danza de Santiago.

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía dando conta da concesión dunha subvención concedida pola Xunta de Galicia para o plan concertado de servizos sociais: Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais: Escolas infantís municipais 2016.** Dase conta da resolución complementaria de asignación de transferencias finalistas correntes para o financiamento das escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, por un importe de 78.200 euros.

**19.- Dar conta da sinatura do protocolo de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e as Consellerías de Infraestruturas e Vivenda, Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e as Axencias de Turismo de Galicia, e Galega de Infraestruturas para a mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago.** Dase conta

## URXENCIAS

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto básico e de execución para a repavimentación da avenida de Vilagarcía, entre as avenidas de Rosalía de Castro e Romero Donallo.** Apróbase o proxecto, que contempla a renovación da rede de abastecemento eliminando a actual rede de fibrocemento; a separación da rede de recollida de augas en rede de residuais e rede de pluviais; a substitución completa do actual alumeadado público por outro con lámpadas LED; e a adaptación das redes de subministro eléctrico, telecomunicacións e gas natural. A actuación conta cun orzamento total de 496.733,51 euros, IVE incluído.

**2.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de “Subscripción de póliza de seguro de risco colectivo de accidentes dos empregados municipais do Concello de Santiago”.** Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 12.500 euros, exento IVE.